


Anel con dente de leite de neno

SIMBOLOXÍA

TEXTO E IMAXE **Rafael Quintía Pereira**
 Licenciado en Antropoloxía Social e Cultural
<http://asombradebouzapanda.wordpress.com/>

A xoia como obxecto protector

As xoias son obxectos simbólicos polisémicos, isto é, teñen moitos significados que ademais adoitan cambiar co tempo e coas distintas culturas. Por iso, o que para uns non é máis ca un mero elemento ornamental para outros pode ser un obxecto protector —por exemplo, unha medalla—, un símbolo de status social —un anel de diamantes— ou incluso un símbolo de independencia económica en caso de problemas, como ocorre coas xoias das mulleres bereberes. Por suposto, sobra dicir que ás veces son todo iso ao mesmo tempo e moito máis. Neste artigo quero falar dun aspecto menos coñecido das xoias e que está fondamente enraizado na nosa cultura popular. Refírome ás xoias como elementos apotropaicos, é dicir, a xoia como un amuleto protector e incluso sandador.

Os amuletos —do latín *amuletum* ou do árabe *hamala*— son obxectos que propician o ben, que nos protexen do mal e afastan a desgraza, a enfermidade e a influencia do maligno, polo que son ambivalentes, é dicir, teñen virtudes valedoras e sandadoras. O talismán —do grego *télesma*— tería a virtude de outorgar sorte e fartura ou de atraer algún tipo de forza natural ou sobrenatural. O uso de amuletos é tan antigo como o ser humano. O temor ao descoñecido, aos fenómenos naturais, á morte, ás enfermidades e, en xeral, a todos os perigos e adversidades aos que se tiña que enfrontar na súa subsistencia diaria fixo que o home botase man de determinados elementos da natureza como pedras peculiares, partes de animais ou mesmo herbas e que crease con elas estes obxectos máxico-relixiosos que os protexesen das ameazas cotiás. A necesidade de portar sempre consigo os amuletos fixo que moitos destes elementos naturais fosen transformados en colares, aneis e infinidade de adornos corporais. Co descubrimento dos metais incorporáronse estes novos materiais á elaboración dos amuletos e talismáns. O desenvolvemento das técnicas ourives e da xoiería posibilitou a confección de amuletos que eran verdadeiras xoias.

Na nosa cultura popular aínda abundan fermosos amuletos de orixe animal,


Rosario con contas de coral vermello, e medallas e cruz de Caravaca de prata

vexetal e mineral que engarzados en prata, ouro ou latón se transmiten de xeración en xeración como verdadeiras xoias ou reliquias. Por exemplo, colgantes de cairos de lobo e xabaril contra o mal de ollo e a acción do maligno, os aneis portadores de antídotos contra velenos como o noso tradicional anel de alicornio, utilizado para tratar as mordeduras ou picaduras de animais pezoñentos e que aínda se fabrica na xoiería Refojo de Lugo. Temos tamén sortellas e pendentifos feitos co Ollomao ou Ollo de Boi Vidal,

poderoso opérculo de buguina usado contra o mal de ollo, para atraer a sorte e para curar as dores de cabeza. Non podemos esquecer tampouco as xoias amuleto feitas cos tres materiais máis indicados dende a antigüidade polo seu valor profiláctico: o acibeche, o coral e o cristal de rocha, e cuxas propiedades protectoras xa foron loubadas por Plinio. Así temos os colgantes de cornamáns feitos con coral, os cornos de coral vermello, os colgantes de prismas de seixo cristalizado —a nosa pedra do raio— e,



Cornamán de nacar



Figa de acibeche



Mordedor de prata con forma de berberecho

como non, as figas e as cruces de acibeche, a pedra apotropaica por excelencia na nosa cultura e un dos materiais máis valorados na xoiaría tradicional galega, para mostra a tradición acibecheira de Compostela. Coa chegada do cristianismo, e seguindo a tradición ancestral de portar amuletos, o arsenal protector dos galegos ampliouse coa incorporación de medallas, rosarios, cruces, novenarios e outras xoias que representaban as potencias divinas ou portaban reliquias ou obxectos sagrados. Para exemplo os fabulosos rosarios que lucían antano as mulleres, algúns con contas de coral vermello, as cruces de Caravaca, as medallas e crucifixos de ouro ou prata, broches con detentes para protexer os bebés ou as medallas con anacos da porta santa da catedral de Santiago. Pero son moitas máis as xoias que naceron con vocación protectora. Poñamos algúns exemplos: os mordedores de prata fabricados polos prateiros composteláns como amuletos protectores da infancia, debido ao valor simbólico das cunchas; os pendentes en forma de landra relacionados coa protección das mulleres; os aros de ouro que levaban antigamente moitos paisanos como elemento protector, incluso os fermosos sapos de ouro poderían ter a súa orixe nun amuleto.

Non só os materiais son importantes senón que tamén hai que ter en conta a forma da xoia amuleto, pois moitas veces materia e forma únense co fin de incrementar a acción benéfica e protectora da xoia. Así unha figa feita de acibeche unirá o poder profiláctico desta pedra contra o mal de ollo e a forza intimidatoria da figa, arma simbólica fronte ao mal. Vemos, xa que logo, que ás veces o que fai eficaz un amuleto é a súa forma particular e outras veces é a materia da que estea feito, mais é frecuente que forma e materia unan as súas virtudes para facer unha xoia amuleto que combine as

propiedades de ambas as dúas. Iso é o que ocorre frecuentemente na ourivería tradicional, onde a técnica e a forma cargada de simbolismo combínanse cos materiais para facer desas xoias algo especial que transcende o mero ornamento para facer delas auténticos obxectos de poder. Deste xeito, e como cren moitos pobos do Magreb, a xoia actúa como elemento de baraka, de boa sorte, cuxa presenza inmuniza fronte ao mal. Velaí a maxia ancestral das xoias cando se converten en ferramentas protectoras coas que transitar seguros por un mundo, a miúdo, hostile e incerto. ■



Alicornio